

As moradas dos encantos...

Roteiro pola Mariña - Xove

Da Pena do Frade ao tesouro de Ceranzos



10 km de dificultade media-baixa

O punto de saída do roteiro será o porto de Morás. Dende este antigo porto baleeiro partiremos, atravesando unha paisaxe de formigón e dolos até a punta Morás, onde habita nunha curiosa formación rochosa un xigante frade de pedra. A partir deste punto entraremos nun dos tramos da nosa costa mellor conservados e menos maltratados polo bum urbanístico.

Ao longo deste traxecto uniranse á nosa comitiva Xoán e a súa cobra Ramonciña; as ánimas dos náufragos de Esteiro, a dos nenos mortos sen bautizar e a súa madriña; o rei do castro de Morás; o marqués da Illa de Sarón; Rodrigo de Coimbra; os frades de San Tirso e outros mouros e encantos que nos amosarán as súas seculares moradas.

O roteiro finalizará na praia de Esteiro, onde en 1979 rematou a marcha contra a instalación da central nuclear de Xove.

COLABORA: ASOCIACIÓN “MARIÑAPATRIMONIO”

DOMINGO, 26 de MAIO de 2013

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.
Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299**.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s



PRÓXIMO ROTEIRO DE ADEGA LUGO

23 Xuño: Allariz (Santa Mariña de Augas Santas)

+info: www.adega.info ou roteirosadegalugo.blogaliza.org

ROTEIROS POLA GALIZA MÁXICA.

UN PAÍS DE LENDAS II



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Este roteiro está inspirado nas lendas que recolle o libro *A fonte da vida longa* coordinado por Marica CAMPO DOMÍNGUEZ / Xosé GONZÁLEZ BARCIA.

A cobra do Picadeiro de Morás

Cando Xoán aínda era un neno ía moitas veces alindar as ovellas ao Picadeiro de Morás (Xove), e nunha delas atopou unha cobra posta nunha pedra. Co tempo Xoán e a cobra fixéronse amigos e ata lle puxo un nome: Ramonciña. De alí en diante ía todos os días cabo da cobra, chamábaa polo seu nome e dáballe a beber leite que muxía das ovellas. Pero Xoán fíxose home e tivo que ir ao servizo militar. Cando regresou do servizo foi ata o Picadeiro e chamou por Ramonciña. A cobra saíu do seu escondedoiro pensando que o mozo traía o leite das ovellas. Pero Xoán xa non tiña ovellas e Ramonciña, enrabechada, tirouse ao pescozo do mozo e matouno.

Cando os nenos morren sen bautizar

A cruz de Morás está situada no Fondón, no comezo da pista que vai ó que hoxe chaman Barreiro, na Aldea de Arriba, mandada construír por don Andrés Lema Benavides, cura que foi da parroquia de Morás (Xove), e enterrado no pórtico da igrexa a petición propia para ser pisado polos fregueses en penitencia polos pecados cometidos.

Onde se atopa hoxe a cruz enterraban ós nenos que morrían sen bautizar, e contan que, nunha ocasión, enterraron alí dúas nenas xemelgas e algún tempo despois pasou por alí unha muller que había ser a madriña dunha delas. A muller escoitou, abraida, unhas palabras que subían da terra.

—Adeus, madriña.

Aínda non crera o que escoitaba cando volveu oír:

—Non é a túa madriña; é a miña madriña.

A muller foi ver o cura da parroquia que lle dixo o que tiña que facer. Outro día que pasou por alí volveu escoitar:

—Adeus, madriña.

E de novo:

—Non é a túa que é a miña.

—Sodes as dúas —dixo a muller por recomendación do crego.

E nunca máis volveu escoitalas.

A cruz de Vilachá

A cruz de Vilachá está na parroquia de Portocelo, concello de Xove, e púxose alí porque no lugar onde está morreu un home por culpa dun raio.

Parece que cando pasou por alí tronaba e lostragaba e o home aínda tivo a soberbia de dicir.

—¡Mal raio me parta!

E partiuno; atinoulle un raio e deixouno seco coma un chamizo.

O barco afundido en Esteiro

En Esteiro, Xove, fálase dunha caldeira de barco afundida. Ninguén sabe do barco, nin cando foi o naufraxio, nin que mariñeiros viñan nel, pero no devalo da marea vese a caldeira intacta dese barco misterioso que algún día debeu afundir en Esteiro.

A arca do Coto da Bela

O Coto da Bela está entre Morás e Portocelo (Xove). Dise da existencia dunha bolsa de augas caldas que alguén tapou cunha pedra para evitar accidentes. Pero tamén se di que o que tapa a pedra é o agachadoiro dunha grande arca que gardará quen sabe que tesouros.

O tesouro do castro de Ceranzos

No lugar de Ceranzos, na parroquia de Xuances, en Xove, hai un castro no que viviron os mouros ata que os botaron. Aqueles mouros, coas presas da fuxida, aínda que contando seguramente poder recuperalo máis adiante, deixaron enterrado o pelello dun boi cheo de ouro. Sábese que o deixaron porque cando marchaban, cantaban:

Adeus, Ceranzos, Ceranzós,

terra dos nosos tataravós,

ROTEIROS POLA GALIZA MÁXICA.

UN PAÍS DE LENDAS II



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

que na máis alta do castro
ten un pelello de boi enterrado.

O rei do castro de Morás

En Morás, Xove, hai un castro e disque tiña un rei que reinaba naquel castro e noutros sete máis.

A casa encantada de Portocelo

En Portocelo, Xove, hai un edificio de pedra construído no século XVIII ou XIX, de muros grosos, cuberta a catro augas e espléndidas vistas ó mar. Nin o actual propietario, nin os seus devanceiros inmediatos, viviron nela. E mesmo contan que o que a fixo era un tipo raro. Na casa pasaron e aínda pasan cousas raras. Unha vez que durmiron nela unha cuadrilla de homes, ameceron ó día seguinte coas cabezas postas no lado contrario do que se deitaran e cos cordóns dos zapatos amarrados ós do que tiñan ó lado. Teñen metido burros a durmir nela e pola mañá amecen cubertos de suor, unha pinga en cada pelo. Non hai moito tempo un home de Viveiro quedara antes do amencer diante da casa co dono para andar ó calamar; e viu como a cadea da leña estaba atravesada de parte a parte da estrada. Máis sorprendido quedou o dono da casa cando llo contou; había moito tempo que non se andaba coa tal cadea. E tamén hai pouco meteron na casa patacas da semente de tamaño normal pero ó día seguinte aquelas patacas mermaran ata o tamaño dun ovo de pomba. Seguro que hai máis rarezas desta casa que non coñecemos, pero agardámolas.

Os encantos de Morás

En Morás, Xove, hai encantos. Vivían nos buratos que aínda hoxe se coñecen como "buratos dos encantos".

Un daqueles encantos foi un día a unha festa e un home de Aldea, preguntoulle:

—E, ti, ¿que fas aquí?

O encanto, en vez de lle responder, repreguntou:

—E, ti, ¿con que ollo me ves?

—Co esquerdo —dixo o home de Aldea.

E vai o encantao e sacoulle o ollo para que non o volvea a ver.

A arca de San Tirso

Onde chaman Súaigreja, enfronte da illa de Cal, en Portocelo, Xove (Lugo), e cando baixa a marea, pódese ver unha barca de pedra que é proba dun milagre de San Tirso.

Uns din dun marqués que vivía na illa de Sarón e tiña por costume irlle rezar ó San Tirso que había nunha capela da que hoxe só quedan algunhas ruínas en Portocelo. O caso é que un día o marqués botou rezando máis tempo do habitual e cando quixo ir pola barca para cruzar o mar ata a illa, a barca xa era de pedra.

Outros, en cambio, aseguran que foi o mesmo santo o que chegou polo mar nun barco que encallou entre as rochas e xa quedou petrificado. Confirma esta opinión a existencia de pegadas do mesmo santo naqueles cons.

Os encantos da praia da Bailieira

Na praia da Bailieira, que está entre o Cabo de Morás e Cabria, en Morás, Xove, hai un burato grande que é casa de encantos.

Unha vez estaba un destes encantos peiteándose cando se achegou un pescador; entón o encanto, coas presas, abandonou os peites de ouro e foise esconder. Pero o pescador viu os peites e levounos para a casa.

Desde aquel día aparecíalle o encanto todas as noites pola casa; sentía a súa voz; ver, non o vía. Petaba e dicíalle:

—¡Dáme os peites, ho! ¡Dáme os peites, que son meus!

E así unha e outra noite, unha tras doutra, ata que dunha vez, tan pesado se lle puxo o encanto, colleu os peites e foinos pousar onde os atopara.

E acabouse; xa non lle volveron a petar na porta.

(Estes textos foron extraídos da web [Galicia encantada](#) de Antonio Reigosa)